

## PRÁCTICA DE LABORATORIO: FACENDO ROCHAS CON CERAS!

**OBXECTIVO:** Simular o ciclo das rochas para entender os procesos de formación de rochas sedimentarias, metamórficas e magmáticas.

### **MATERIAL:**

- ❖ 3 ceras
- ❖ Raiador
- ❖ Chisqueiro
- ❖ Trípode con reixa
- ❖ Vaso de precipitados
- ❖ Papel de aluminio
- ❖ Espátula

### **PROCEDEMENTO:**

#### **1º parte**

- Cortamos fragmentos dunha das ceras axudándonos da espátula. Estes fragmentos simularán os sedimentos de maior tamaño.
- Coa axuda do raiador, facemos sedimentos de menor tamaño utilizando as dúas ceras restantes.
- Posteriormente, misturamos os distintos fragmentos na palma da man e apretamos durante certo tempo ata que se forme unha "rocha" parecida á seguinte:




### **CUESTIÓN**

- Que tipo de rocha acábese de formar?  
Xustifica a túa resposta

#### **2º parte**

- Usando a montaxe do chisqueiro, trípode con reixa e vaso de precipitados qumentamos un pouco a rocha envolta en papel de aluminio.
- Tras 5 minutos, alguén do grupo somete a "rocha" a elevadas presións.  
(OLLO: Preguntar á profesora como facelo!!)
- O resultado final será unha "rocha" parecida á seguinte:



### CUESTIÓN

- Que tipo de rocha acábase de formar?  
Xustifica a túa resposta.

### 3º parte

- Envolvemos a nosa "rocha" no papel de aluminio e quentamos a baño maría ata que se funda completamente.
- Cando o fluído solidifica o resultado será unha "rocha" parecida á seguinte:



### CUESTIÓN

- Como se chama este tipo de rocha?
- Habería algunha diferenza no tipo de rocha formada dependendo de se o arrefriamento e solidificación do fluído ten lugar en superficie, nunha fenda ou no interior terrestre?

### CONCLUSIÓN:

Cres que o ciclo das rochas ocorre sempre nesta orde exacta? Por que?